






## Datos Do Expediente:

ESTADO DA DÉBEDA		
Unidade Tramitadora:		
Xestión de Tesourería Pagamentos e Cobros – MRN		
Número expediente:	Documento:	
 TES/2024/195	 TES18I01WT	
4N6K 6911 6G3N 5V55 0M5X		
		

## PROVIDENCIA DE INICIO

No Presuposto do Concello de Narón para 2024, aprobado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o 12/04/2024 e cuxa entrada en vigor produciuse o día 15 de maio do 2024, unha vez publicado o acordo de aprobación definitiva, se contempla como ingreso dentro do seu capítulo IX o correspondente a unha operación de préstamo a longo prazo por importe de 1.009.136,08 €, operación que financiará as actuacións determinadas no Anexo de Investimentos do mencionado presuposto.

O seu importe non supera o 10% dos recursos ordinarios do Presuposto xeral do Concello para 2024.

Polo expresado, en uso das atribucións que confieren á Alcaldía os artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local, de 2 de abril e 52.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e non sendo unha competencia delegable, a teor do artigo 21.3 Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local, de 2 de abril, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Que a fin de executar as previsións do Presuposto do Concello para o exercicio 2024 se incoe o oportuno expediente para concertar unha operación de préstamo por importe de 1.009.136,08 €, destinada a financiar as actuacións previstas no Anexo de Investimentos de dito Presuposto.

**SEGUNDO.-** Que se emitan os informes preceptivos segundo a lexislación aplicable dando ao expediente o trámite que proceda e incorporando ao expediente a documentación xurídica e técnica que resulte preceptiva conforme a normativa.